

BREVE HISTORIA.

As embarcacións constituironse nun elemento esencial para a difusión das culturas, aparecendo unidas a aquelas mais coñecidas.


Fenicios, gregos, romanos, chineses, portugueses, españoles, ingleses e ainda hoxe estadounidenses e rusos, unen o seu esplendor na historia a unha flota de considerable importancia.

As técnicas e coñecementos para a sua construción fóreronse intercambiando e difundindo por tódolos pobos da beiramar, que foron construindo barcos adaptados ás súas necesidades, creando así diferentes tipos de embarcions.

Galicia non foi unha excepción, e na súa historia marítima e pesqueira desenvolveu con grande éxito embarcacións propias que se utilizarón para a pesca e o transporte de mercadorias ou persoas, e que falan por sí soas do bo facer dos nosos Carpinteiros de Ribeira.

A evolución da construcción de embarcacións en Galicia, deu lugar á aparición de grande número de tipoloxías con características propias. Ainda así, hai unhas liñas comúns que podíamos destacar:


- A proa alta e pouco lanzada, con amuras non moi abertas, para afrontar ben o mar.



O mestre carpinteiro facendo as plantillas sacadas do plano de formas e do medio casco



A rúa, quilla e codaste de carballe, unidos enriba dos calzos, nivelados e aplomados.



Vista desde a popa da lancha, coas cadernas falsas feitas en píñeo do país; listas para embarrotar para mirarle a fasquia a lancha e fazer as correccións que se queiran

**Bar
atatu
dru
rxxo
BUEU**

ENCONTRO 2003

embarcacións
tradicionais

Vista do costado de babor xa
embarrotado con cuadernas verdadeiras
de carballoa mestra, 5 a popa e 4 a
proa



- Construcción a tope, agás a Dorna e o Barco do Miño.
- Na navegación a vela son boas cinguidoras.
- Uso xeneralizado en orixe da vela de relinga, ainda que logo se usarón outros tipos de vela.

As boas características mariñeiras das


embarcacións galegas, resúmensen dito "peito de lobo e rabo de xarda", que fai referencia á valentía parafronta-las ondas no mar e a facilidade para navegar.

Vista do costado de babor xa
embarrotado con cuadernas verdadeiras
de carballoa mestra, 5 a popa e 4 a
proa



Algunhas embarcacións perduraron durante moito tempo, chegando ata hoxe, e outras desapareceron coa modernización do sector pesqueiro en distintas épocas.

Os mestres carpinteiros ponendo
os bancos do medio para unir todas las
cuadernas.



CAFE - LA MARINA - BAR

MONTERO RÍOS
CANGAS

ENCONTRO 2003

embarcacións
tradicionais

ANTECEDENTES

Os mestres carpinteiros marcando nas cuadernas a posición donde vai o corredor



Hasta mediados do seculo XX existirón nos portos da península do Morrazo unhas embarcacións derivadas das traiñas, mais péquenas que estas, co mesmo tipo de construción e que utilizaban como medios de propulsión a vela e os remos, dedicándose principalmente a pesca con boliche, rapeta e xeito.

As suas características principales eran:

- Eslora.....de 6.0 a 8.0 m.
- Manga.....de 2.0 a 2,3 m.
- Puntal.....de 0.8 a 1.0 m.



vista interior das cuadernas

**INVERNAJE Y GUARDERÍA
MOTORES Y BARCOS**

ASTIXANO

Reparaciones en:
poliéster - pintado - mecánica
Mercado de ocasión y nuevos
Eléctronica - transportes



ENCONTRO 2003

POLIGONO INDUSTRIAL CASTIÑEIRAS, 100 TFNO/FAX. 986 324 061

embarcacións
tradicionais


A sua roda, quilla e codaste, estaban construidos con madeira de carballo, e o resto dos seus elementos (cadernas, vaos, varengas, bances, timon, etc.), estaban construidos con piñeiro do país.

Adenominación coa que se coñecían estas embarcacións era:

- A. Segundo José María Massó García-Figueroa "xeiteiros".
- B. Segundo Staffan Mörling "lanchas traineras".
- C. Segundo os carpinteiros de Ribeira de Bueu simplemente "lanchas".

Este tipo de embarcacións podese observar nunha antiga filmación realizada por D. Gaspar Massó, e que actualmente proxectase no Museo Massó de Bueu.

Tratase de un tipo de embarcación tradicional de Galicia, que hoxe en día encontrase totalmente desaparecida, e que desde a Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "os Galos", coidamos sería moi conveniente recuperar.



OBXETIVOS DA RECUPERACIÓN.

- Promoción sociocultural e turística de Bueu.
- Recuperación do patrimonio cultural marítimo de Galicia.
- Organización de cursos de iniciación a la navegación tradicional, coa posible participación de moitos xovenes.
- Asistencia a encontros de embarcacións tradicionais.
- Estudios sobre a súa construcción.
- Charlas, conferencias e debates sobre esta embarcación.
- Axuda a recuperación de un sector en perigo de extinción, como é o das carpinterías de ribeira.

MIRANDA

O teu comercio en Bueu

Pazos Fontenla, 35

Telf 986 32 05 04

ENCONTRO 2003

embarcacións
tradicionais